

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, E COMPLEMENTARIAMENTE A OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E ATENCIÓN PSICOLÓXICA A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DE VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR**

**REUNIDAS**

Dunha banda:

María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (CIF Q1500265B) actuando en representación deste, segundo nomeamento da xunta de goberno tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 18 de maio de 2022, e segundo dispón o artigo 24 dos seus Estatutos .

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

**SEGUNDO.**

Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

**TERCEIRO.**

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da



violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

#### **CUARTO.**

Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 DE 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a “necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres”. Ditas accións inscríbense no marco do seguimento da Plataforma de Pekín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONG, así como a participación activa da sociedade civil.

#### **QUINTO.**

Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dun relatorio que estudase e avalíase, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe do relatorio de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

O 27 de decembro de 2017, todas as comunidades autónomas ratificaron de común acordo



o documento final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

As medidas relativas ao compromiso económico vinculado ao desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero establecían que o financiamento debía alcanzar o horizonte temporal necesario para materializar o conxunto de medidas acordadas nel e desde a súa aprobación incluían un primeiro escenario, que abarcaba o primeiros cinco exercicios orzamentarios desde a aprobación do Pacto, isto é, desde 2018 a 2022. Con todo, prevíase que este horizonte temporal puidese actualizarse e redefinirse dentro da propia Comisión de Seguimento do Pacto constituída no Congreso.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación do ditame, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

Con base en todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia.

Son as comunidades autónomas as que asumen as competencias da asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas e están, polo tanto, chamadas a xogar un papel clave na prevención, atención e reparación do dano.

#### **SEXTO.**

Que a medida 67 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de establecer propostas sobre a necesidade dun reforzamento psicolóxico para coas vítimas, con fin de atallar factores que puideran incidir na súa falta de autoestima e na súa capacidade para rachar a dependencia co maltratador.

Pola súa banda a medida 83 do Informe do relatorio do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle a necesidade de visibilizar ás vítimas indirectas de violencia contra as mulleres: familiares, amigas e amigos e entorno máis íntimo da muller que tamén sofren a violencia machista, e traballar coas CC. AA. na posibilidade de ofrecerlles acceso a recursos: asesoramento e atención psicolóxica.

#### **SÉTIMO.**

Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten entre os seus fins fomentar a promoción e



desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.

#### **OITAVO.**

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrencia pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é a entidade que ostenta a representación da profesión de psicólogos/as na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicoloxía e o servizo dos seus/das súas profesionais á sociedade, conta coa experiencia de vir desenvolvendo e coordinando dende hai anos os programas de atención psicolóxica personalizada e especializada no ámbito da violencia de xénero con un ámbito de actuación e coordinación en todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma e dispón de medios suficientes para desenvolver axeitadamente o programa, que contará ademais coas garantías derivadas da súa estrutura colexial.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración o cal se rexerá polas seguintes,

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para:

a) O financiamento do programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que



vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

b) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa que se denominará xenericamente: "Abramos o Círculo".

## **SEGUNDA.- PROGRAMAS.**

Os programas de atención psicolóxica establecidos no presente convenio rexeranse polos regulamentos e os procedementos protocolizados que se establezan conxuntamente entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade.

## **TERCEIRA.- CONTIDO**

### **1. Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está a desenvolver un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres, menores e persoas do seu entorno familiar ás que se refire o parágrafo anterior.

O citado programa, no que colaborará a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, conta cunha psicóloga, designada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que leva a cabo a coordinación do programa, e cunha rede de profesionais acreditadas/os, que levan a cabo a intervención profesional do programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia sendo incompatible para a realización desta actividade, estar contratada/o para realizar a mesma función ou semellante, por algún organismo oficial ou por un centro, oficina ou un punto de información ás mulleres acreditado pola Xunta de Galicia.

O programa establécese como un recurso especializado de segundo nivel, para a atención psicolóxica a mulleres, menores e persoas do seu entorno familiar delas que o precisen, incluída a que se derive dende o Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no edificio habilitado a tal fin, en virtude da concesión demanial efectuada polo concello de Santiago de Compostela a favor da Xunta de Galicia, nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, optimizando a coordinación dos servizos e programas que a Xunta de Galicia pon a disposición das vítimas. Así mesmo, o programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Como criterio xeral, establécese en 10 o número máximo de sesións terapéuticas por cada muller usuaria ou menor usuaria/o do programa e en 5 por cada persoa do seu entorno familiar. De ser necesario, e de xeito excepcional, ampliaríase o número de sesións logo dunha valoración individual de cada caso, que se levará a cabo de común acordo entre a



Secretaría Xeral de Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Ao tratarse dun recurso especializado de segundo nivel o acceso ao programa realizarase segundo os procedementos protocolizados establecidos conxuntamente entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade.

Contémplase a asistencia en xuízos dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o/a xuíz encargado/a do caso. Así mesmo contémplase a intervención nos diferentes escenarios de emerxencia en situacións de morte por violencia de xénero a través do protocolo conxunto co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## **2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar:"Abramos o Círculo".**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está a desenvolver na actualidade un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no ámbito familiar.

O programa, denominado "Abramos o Círculo", no que colaborará a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, conta cun psicólogo, designado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que leva a cabo a coordinación do programa, e cunha rede de profesionais acreditadas/os, que levan a cabo a intervención profesional do programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia sendo incompatible para a realización desta actividade, estar contratada/o para realizar a mesma función ou semellante, por algún organismo oficial ou por un centro, oficina ou un punto de información ás mulleres acreditado pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, o programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Como criterio xeral, establecerase en 10 o número máximo de sesións terapéuticas por cada usuario do programa. De ser necesario, e de xeito excepcional, ampliaríase o número de sesións logo dunha valoración individual de cada caso, que se levará a cabo na comisión de seguimento do convenio. O acceso ao programa realizarase segundo os procedementos protocolizados establecidos conxuntamente entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade.

Contémplase a asistencia en xuízos dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o/a xuíz encargado/a do caso.

## **CUARTA.- ORZAMENTO**

1. Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, aboará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a cantidade total de 337.039 € (trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023



imputados ás seguintes aplicacións orzamentarias e códigos de proxecto:

- 237.039 € (douscentos trinta e sete mil trinta e nove euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145)
- 100.000€ (cen mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112), enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia

E, de acordo coa seguinte distribución:

### **1.1 Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.**

**Liña 1: Atención psicolóxica a mulleres e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero:**

**Cobertura da asistencia das consultas a realizar:** 60 euros/sesión,

**Cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero:** 60 euros/hora, ata un máximo de 480 € por día (8 horas)

**Asistencia oral en xuízo:** 150 euros/xuízo.

**Liña 2: Atención psicolóxica a menores que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero:**

**Cobertura da asistencia das consultas a realizar:** 60 euros/sesión

**Cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero:** 60 euros/hora, ata un máximo de 480 € por día (8 horas)

**Asistencia oral en xuízo:** 150 euros/xuízo.

**A suma das contías de cobertura de calquera tipo de asistencia deste programa terá como límite o tope máximo de 288.939 euros**

**Outros gastos do programa** (dietas, desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): **5.500 euros**. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,19 euros o quilómetro, e os gastos de autoestrada, de ser o caso, achegando os xustificantes correspondentes.

**Coordinación do programa** (1 coordinador/a): **8.000 euros**.

**Total gastos: 302.439 euros**

### **1.2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar:"Abramos o Círculo".**

**Cobertura da asistencia das consultas a realizar:** 60 euros/sesión,



**Asistencia oral en xuízo:** 150 euros/xuízo.

A suma das contías de cobertura da asistencia das consultas e asistencia oral en xuízo: terá como límite o tope máximo de **23.000 euros**.

**Outros gastos** (desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): **3.600 euros**.

**Coordinación do programa** (1 coordinador/a): **8.000 euros**.

**Total gastos: 34.600 euros**

**2.** No caso de que non se esgote a contía máxima asignada para as coberturas de asistencia e asistencia oral en xuízo, nalgún dos programas anteriores, o remanente poderá destinarse á asistencia e/ou asistencia oral en xuízo doutro dos programas ou liñas indicados, de ser preciso, sen ter en conta os topes máximos sinalados para dita finalidade.

**3.** Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación da atención psicolóxica, se existe crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

## QUINTA.- FORMACIÓN

As psicólogas e psicólogos dos programas recollidos neste convenio, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan.

De estimarse oportuno, se incorporarán as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade no tratamento da violencia contra as mulleres sen que a súa participación implique a posibilidade de participar no Programa que se desenvolve no presente Convenio mentres desenvolvan algunha das funcións ou actividades sinaladas.

Con este fin a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborarán conxuntamente os programas formativos mínimos aos que se deberán axustar todos os cursos de especialización que se celebren.

Para o ano 2023 deberase celebrar como mínimo, unha xornada formativa para cada un dos programas, cuxo importe se poderá imputar ao presente convenio.

## SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con



indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.

- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha **declaración** asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 16 de novembro de 2022 e o 15 de novembro de 2023, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 20 de novembro de 2023.** Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos



orxamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

## SÉTIMA.- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento dos programas de atención psicolóxica establecidos neste convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a seguinte información relativa a cada un dos programas:

### 1. Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información, desagregando os datos, de ser o caso, por número de mulleres, número de menores e número de persoas do seu entorno familiar:

- N° de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre
- N° de casos admitidos
- N° de persoas que inician a intervención
- N° de mulleres con denuncia
- N° de mulleres con orde de protección
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- N° de persoas atendidas
- N° de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade
- N° de persoas inmigrantes atendidas
- N° de asistencia realizadas no trimestre
- N° de altas dadas
- N° de abandonos
- N° de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan)
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e n° de expedientes que atenderon durante o trimestre.
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.



b) Rematada a vixencia do convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2024, achegarán unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, con indicación do número de persoas atendidas, desagregando o número de mulleres así como o de menores e outras persoas do seu entorno familiar, número total de asistencia realizadas por persoa atendida durante a vixencia do convenio e, calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia. Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

## **2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo".**

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información:

- N° de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre
- N° de casos admitidos
- N° de homes que inician a intervención
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- N° de homes atendidos
- N° de homes atendidos que sufran algunha discapacidade
- N° de homes inmigrantes atendidos
- N° de asistencia realizadas no trimestre
- N° de altas dadas
- N° de abandonos



- N° de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan)
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e n° de expedientes que atenderon durante o trimestre
- calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo

b) Rematada a vixencia do convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2024, achegarán unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, un resumo anual con todos os datos acadados durante a vixencia do convenio nos mesmos termos que os datos trimestrais, e calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

#### **OITAVA.- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA**

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **NOVENA.- NOTIFICACIÓNS**

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa



reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### DÉCIMA.- OBRIGAS

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice **a colaboración técnica e financeira que presta a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), incluíndo os logotipos do Ministerio, do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ademais do da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e demais logotipos estipulados pola CCAA.**

b) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de asesoramento e derivación e a mensaxe telefónica do contestadores automáticos e a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelá se esta é a elixida pola persoa interesada.

d) No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá facilitar unha relación co nome e apelidos, localidade e provincia das/dos terapeutas que interveñen en cada un dos programas. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas dos programas estas serán comunicadas inmediatamente á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Así mesmo o Colexio Oficial de



Psicoloxía de Galicia comunicará no prazo de 10 días dende a sinatura do convenio quen é o/a coordinador/a de cada un dos programas recollidos neste convenio.

e) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

f) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- COMPATIBILIDADE**

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e



informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

#### **DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2024.

#### **DÉCIMO QUINTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as persoas ou profesionais dependentes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



## DÉCIMO SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. calquera outro incumprimento considerarase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

## DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: A Decana do Colexio ou persoa que dispoña para que a substitúa.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan este convenio.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL  
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

